



Ref.- AAGR/156341

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 10891 / RX 1417599

Data 23/10/2015 13:29:35



Asunto: información sobre cacerías lobo

En relación co seu escrito do 08/10/2015 (nº de rexistro 156341/RX 2061715) no que se sinala a existencia de anuncios de compra-venda de trofeos de lobo en montañas, dentro na nosa comunidade autónoma, infórmase do seguinte:

O Plan de Xestión do lobo en Galicia, aprobado mediante o *Decreto 297/2008, do 30 de decembro*, establece tres zonas de xestión atendendo aos criterios de zonificación definidos e assumindo que a probabilidade de danos é maior nas zonas de alta densidade de lobos onde hai máis abundancia de gando.

Establece así mesmo a posibilidade de que o seguemento das poboacións de ungulados silvestres xunto coas capturas de especies de caza maior, poderá servir de base para a adopción de medidas de xestión do lobo.

A Reserva Nacional de caza dos Ancares inclúese na zona 2, e de acordo co establecido no citado Plan de xestión, a administración poderá autorizar nesas zonas controis sobre as poboacións de lobo. Na procura de manter estable a poboación desta especie, o plan de ordenación cinexética da Reserva contempla este control co fin de que a presenza da especie sexa compatible coa gandería e co aproveitamento cinexético. O número de exemplares a cazar dependerá da situación da especie en cada momento.

A Xunta Consultiva da reserva celebrada no ano 2015 aprobou a proposta de autorización da caza de tres exemplares de lobo na Reserva, de xeito que se permita aos cazadores disparar durante os axexos autorizados neste ano, ata acadar a dita cota máxima de tres exemplares, **sen considerala como especie cinexética polo que non implicaría o pago dun permiso nin a posibilidade de cobrar un trofeo**.

Nestes axexos, os vixiantes de recursos naturais deben acompañan ao cazador.

Así mesmo, débese indicar que esta autorización está englobada dentro das medidas de control por danos establecidas na *Resolución do 20 de maio de 2015, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2015-2016* e en todo caso, estarase ao disposto no plan de xestión desta especie aprobado polo *Decreto 297/2008, do 30 de decembro*.



Sinalar que nos casos de medidas de control por danos , os exemplares capturados non poderán ser obxecto de venda ou comercio e que deberán en todo caso ser identificadas mediante precintos que serán facilitados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2015

A subdirectora xeral de Biodiversidade e dos Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Susana Cuesta Fariña



ADEGA

TRAVESÍA DOS BASQUIÑOS 9, BAIXO

15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)